

Estimadas familias.

Poñémonos en contacto con vós para facervos chegar todo o noso recoñecemento e agradecemento por todo o que, dende as casas, estades a colaborar para que os vosos fill@s, os nos@s alumn@s, sigan traballando e non se baixen bruscamente do tren do curso. Sabemos que non todas as familias tedes as mesmas posibilidades en canto a organización, tecnoloxías ... por iso recordámosvos que é importante que vos poñades en contacto cos titores sempre que o precisedes; eles daránvos as indicacións necesarias e axudaránvos encantados, tamén son os nosos nen@s.

Seguindo as instrucións da Consellería (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30634>) temos que proceder a pechar a segunda avaliación co traballo realizado nas aulas ata o día 12 de marzo. Non se contabilizarán para as cualificacións do 2º trimestre as tarefas realizadas despois de dita data. **O venres día 3** de abril estarán as notas dispoñibles en abalar. Aquelas familias que non teñades a aplicación non vos preocupedes, podedes poñervos en contacto cos titores a través dos correos que están na web.

Imos respectar o período das vacacións de Semana Santa e durante eses días non se enviarán nin se recibirán tarefas. O 14 de abril retomaremos de algunha maneira a vida escolar seguindo as instrucións que nos vaian chegando dende a Consellería.

Calquera novidade será comunicada "como de costume" a través da web do centro.

Un saúdo , MOITO ÁNIMO PARA TODOS E POR FAVOR, COIDÁDEVOS MOITO.

A Dirección